


# Manual da VPN para Android 4.x e superior

## Instalación

1. Instala a aplicación OpenVPN Connect, que podes atopar [en Google Play](#).
2. Descarga o arquivo vpn-UDP4-1194-config.ovpn no dispositivo Android.
3. Arrinca a aplicación OpenVPN Connect e selecciona OVPN Profile para importar un arquivo ovpn. No navegador de arquivos que se abre, atopa e selecciona o arquivo vpn-UDP4-1194-config.ovpn.
4. Introduce o teu usuario do CiTIUS e o contrasinal<sup>1)</sup>. Preme en Conectar.
5. Recibirás unha advertencia sobre o uso desta VPN e a posibilidade de que a aplicación intercepte todas as comunicacións, que debes aceptar.
6. Unha vez feito, a aplicación conectarase á VPN.



## Conectarse e desconectarse da VPN

1. Abre a aplicación OpenVPN Connect e preme no botón Conectar ou Desconectar. Pode que volvas recibir a advertencia sobre a posibilidade de que a aplicación intercepte as comunicacións se reinicias ou apagas o dispositivo.

<sup>1)</sup>

Se gardas o contrasinal, deberás por obriga ter un patrón de desbloqueo ou outro método alternativo de bloquear o terminal. Se non queres ter que activar esta opción, non gardes o contrasinal

From:

<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:

<https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:vpn:android>

Last update: **2018/03/13 10:29**

